

## TARXETA BENVIDA 2023 (BS403B)

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

#### Obxecto

Axuda económica para as familias que no ano 2023 teñan un fillo/a, adopten ou sexan declaradas en situación de garda con fins adoptivos.

Axuda para as familias que tendo obtido a axuda ou non accedendo a ela por superar os ingresos previstos nas respectivas convocatorias no ano 2021 e 2022, experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito ás contías da ampliación desta axuda.

#### Requisitos

1. Residir na Comunidade Autónoma de Galicia, con DNI ou NIE, e atoparse nun dos seguintes supostos:

Ter fillas ou fillos nados/as, constituída unha adopción ou unha garda con fins adoptivos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

2. As galegas e galegos e os seus descendentes que se atopen en calquera dos supostos anteriores que retornen a Galicia durante o ano 2023.

3. Para as familias que obtivesen a axuda de carácter xeral de 1.200 € ou non accedesen a ela por superación de ingresos, nas convocatorias dos anos 2021 e 2022, poderán beneficiarse na presente convocatoria das contías previstas no caso de experimentar unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito a elas.

4. Que a renda da unidade familiar non supere os 45.000 €. De ser superior, a renda per cápita non deberá superar os 13.500 € por persoa.

5. Que a renda da unidade familiar non supere os 22.000 €, para ter dereito á ampliación da axuda prevista ata os tres anos.

#### Contía

1.200 € por cada fillo ou filla durante un ano a razón de 100 €/mes. No suposto de que o fillo ou filla que dá dereito á axuda sexa o terceiro/a ou sucesivo/a da unidade familiar a contía da axuda será de 2.400 € a razón de 200 €/mes

Aquelas **familias con renda igual ou inferior a 22.000 €** terán dereito a axuda no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran os tres anos de adopción ou garda con fins adoptivos nas seguintes contías:

- a. 600 €/ano, a razón de 50 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro.

- b. 1.200 €/ano, a razón de 100 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo.
- c. 2.400 €/ano, a razón de 200 €/mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.

Estas contías **incrementaranse un 25 %** no suposto de **residencia en concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes**

## **Uso**

A tarxeta benvida poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

## **Solicitudes**

Nos servizos sociais comunitarios do Concello de Touro.

Electronicamente, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo: <https://sede.xunta.gal> (**BS403B**).

Na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude

## **Prazo de solicitude**

Dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento ou se constitúa a adopción ou a garda con fins adoptivos.

Tres meses para o as persoas emigrantes retornadas a Galicia en 2023, sempre que o fillo ou filla nacera con anterioridade ao seu regreso.

Opcionalmente, poderá presentarse a solicitude durante o período de xestación.

Con carácter excepcional, aquelas solicitudes que se presenten e cuxo nacemento se produza entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2023 poderán ser tramitadas nesta convocatoria.

**Máis información:** Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfono: 981504000/981504000. Extensión 1

[DOG 7 do 11/1/2023 - ORDE do 27 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declaradas en situación de garda con fins adoptivos no ano 2023, e se procede á súa convocatoria \(código de procedemento BS403B\). \(xunta.gal\)](#)